

O premio poderá estar en función do número de apostas e do número de acertos que se produzán.

3.—Modalidade de lotería de premio instantáneo ou xogo de boletos.

O xogo prodúcese mediante a adquisición dun boleto con precio fixo, no que debe constar de modo visible o precio e número de serie do devandito boleto e a relación ou plan de ganancias que poden obterse co xogo, e de modo invisible os símbolos ou números polos que se coñece a sorte obtida de modo instantáneo e un número aleatorio de validación dos premios, para a súa comprobación antes de pagalo. A comprobación da sorte producirase dun modo sinxelo sen necesidade de operacións que requirian unha habilidade especial.

Os premios serán establecidos previamente de modo absolutamente secreto, incorporados ós boletos de modo tal que non poidan ser comprobados sen inutilizalos ó rasgar, arrincar ou raspa-lo sobre que o conteña ou o propio boleto.

4.—Modalidade de lotería de participación.

O xogo prodúcese mediante a adquisición dun boleto con precio fixo no que constarán dun modo visible o precio e a serie a que pertence, e de modo invisible un número único e correlativo en cada serie ata a cifra total non superior a 4.000 boletos.

Comprobada a sorte, o xogador comparará o seu número cos números premiados pre establecidos e se coincide con algúns probará nova sorte elixindo entre os premios ocultos nunha táboa ou cartel fabricado para tal efecto, obtendo en tal caso o premio que finalmente descubra.

Artigo 9.—As apostas hípicas

As apostas hípicas regularanse polas súas disposicións especiais en tanto a Xunta de Galicia non dicte unha regulamentación nesta materia.

DISPOSICION FINAL

Este Decreto entrará en vigor ó día seguinte da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, catro de xuño de mil novecentos oitenta e seis.

Xerardo Fernández Albor
Presidente

Xosé Luis Barreiro Rivas
Conselheiro da Presidencia

desenvolvemento do xogo de boletos, polo que se fai necesario proceder á regulación deste xogo para que se adapte á regulación e experiencia adquirida sobre o mesmo, con especial atención ás medidas necesarias para evitar todo tipo de fraude posible e un estricto control dos aspectos fiscais do seu desenvolvemento.

A aplicabilidade directa ás Comunidades Autónomas do Real Decreto 1067/81, do 24 de abril, establecida polo seu propio artigo segundo e pola disposición adicional segunda da Lei Reguladora mencionada, reitera a necesidade dun regulamento da Comunidade, xa que a estructura de órganos competentes e de referencias fiscais implican á Administración do Estado a través deste Real Decreto, cando na actualidade estes temas son de competencia exclusiva da Comunidade Autónoma de Galicia.

En consecuencia, en virtude das competencias contidas na Lei Reguladora dos Xogos e Apostas en Galicia, a iniciativa dos Conselleiros da Presidencia e de Economía e Facenda, e a proposta do da Presidencia, logo da deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día catro de xuño de mil novecentos oitenta e seis,

DISPOÑO:

Artigo 1.º—Régime de boletos

A organización, práctica e desenvolvemento do Xogo de boletos en tódalas súas modalidades axustarase, dentro do territorio de Galicia, ás normas establecidas no presente Decreto e ás súas disposicións complementarias.

Artigo 2.º—

O xogo regulado neste Decreto prodúcese mediante a adquisición de boletos nos establecimentos autorizados previamente, a cambio do pagamento dun preço certo, o que posibilita, no seu caso, a obtención dun premio en metálico.

Artigo 3.º—Boletos

1.—Únicamente poderá practicarse o xogo de boletos cos que autoricen conciuntamente as Consellerías da Presidencia e de Economía e Facenda, logo do informe da Comisión do Xogo de Galicia en canto á súa definición e características.

2.—Os boletos autorizados homologoros o Ministerio do Interior e unha vez fabricados custodiaraos e expediraos a Consellería de Economía e Facenda, tendo a consideración de efectos estancados.

Artigo 4.º—Características

As características esenciais do boleto serán as seguintes:

1.—O seu tamaño non será superior a 120 × 80 mm. nin inferior a 80 × 40 mm.

2.—O soporte do boleto será dun material que impida a lectura fraudulenta do mesmo por calquera método electrónico ou magnético.

Consellería da Presidencia

Decreto 167/1986, do 4 de xuño, polo que se regula o xogo de boletos.

O artigo 6,d) da Lei Reguladora dos Xogos e Apostas en Galicia, establece a necesidade dunha autorización administrativa previa á organización, práctica e

3.—A operación de comprobación será sinxela e sen posibilidade de erro.

4.—Os símbolos dos premios serán de fácil comprobación por cotexo coas listas de ganancias.

5.—Deberá conte-los seguintes datos:

a) Un número de serie para o seu control pola Administración.

b) Un número de validación aleatorio e secreto co que se comprobará a efectividade do premio de modo informatizado.

c) O precio do boleto, en lugar lexible antes da súa utilización.

d) As instruccións para a comprobación do premio polo apostante.

Artigo 5.º—Precio dos boletos, partidas e distribución

1.—O precio do boleto será fixado polas Consellerías da Presidencia e de Economía e Facenda, entre un máximo de 500 ptas. e un mínimo de 25 ptas.

2.—Cada partida conterá ó menos 5.000.000 de boletos, cunha distribución de premios que nunca será inferior ó 43% da contía total da partida e que será autorizada pola Consellería da Presidencia. O envase dos boletos deberá conter como mínimo un 30% de premios menores sobre a súa contía total.

3.—A distribución realizarase por medio das Delegacións de Consellería de Economía e Facenda, a través da empresa explotadora.

Artigo 6.º—Pagamento de premios

Os premios iguais ou inferiores a 25.000 pesetas serán satisfeitos polo titular do establecemento ou punto de venda dos mesmos e os premios superiores serano pola empresa explotadora do xogo, nas formas que se determine na norma de organización do mesmo.

Artigo 7.º—Empresa explotadora

Sen prexuício da titularidade da Comunidade Autónoma, a explotación, práctica e desenvolvemento do Xogo de Boletos en Galicia realizarase mediante autorización concedida pola Consellería da Presidencia, previa solicitude e establecéndose un mínimo de venda a unha persoa xurídica cos seguintes requisitos:

a) Que teña forma xurídica de Sociedade Anónoma.

b) Que no prazo de un mes a partir da autorización disponga dun capital social mínimo subscrito e totalmente desembolsado de 30 millóns durante o período de validez da autorización.

c) Que presente un proxecto de normas de explotación, práctica e desenvolvemento do xogo, que se axusten ó contido do presente Regulamento.

Artigo 8.º—Duración da Autorización

A autorización terá unha duración de ata tres anos, que poderán ser prorrogables por períodos iguais ó da autorización, atendendo á boa marcha económica da

empresa e ós volumes mínimos de venda que se determinen oportunamente.

Artigo 9.º—Constitución da fianza

Autorizada a persoa xurídica para a explotación dunha ou varias modalidades de Xogo de Boletos e antes do inicio da actividade, dispoñerá de seis meses desde que lle sexa notificada a mesma para formalizar na Consellería de Economía e Facenda, unha fianza por valor do 25% do capital social, cun mínimo de 10 millóns de pesetas, que deberá constituirse en metálico ou mediante aval bancario e que deberá manterse pola devandita contía durante a vixencia da autorización.

A fianza quedará afectada ás responsabilidades de todo tipo en que poida incorrer a persoa xurídica explotadora.

Dentro do mesmo prazo, deberá presentar dous exemplares orixinais das normas de explotación do xogo, que quedarán depositados na Consellería da Presidencia e na Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia.

Artigo 10.º—Información

A persoa xurídica explotadora do xogo, informará á Consellería da Presidencia, un mes antes da posta á venda dos boletos, sobre todos os medios persoais e materiais que deban ser utilizados na xestión do mesmo.

Artigo 11.º—Establecementos de venda

Os boletos venderanse directamente ós usuarios do xogo polos titulares dos establecimentos ou puntos de venda debidamente autorizados que, á súa vez, os adquirirán da persoa xurídica explotadora do xogo ou, no seu caso, dos distribuidores autorizados da mesma.

Prohibírese a venda de boletos ós menores de idade.

Artigo 12.º—Requisitos dos establecementos de venda

Os titulares de establecimentos que pretendan vender boletos deberán comunicalo á Consellería da Presidencia, facendo consta-los seguintes datos:

1.—Nome, apelidos, domicilio, D.N.I. se se trata de persoas físicas.

2.—No caso de persoas xurídicas, farase consta-lla razón social, o N.I.F. e o nome, apelidos e domicilio do seu representante legal.

3.—Denominación e enderezo do establecimento ou punto de venda de boletos.

4.—Nome da empresa explotadora autorizada, e no seu caso, do distribuidor autorizado.

Artigo 13.º—Distribución

A actividade de distribución de boletos precisa de autorización da Consellería da Presidencia se non a desenvolve directamente a empresa explotadora do xogo mediante persoal dependente da mesma.

A tal obxecto, a empresa deberá presentar unha relación de distribución con nome, apelidos, domicilio,

profesión é fotocopia do D.N.I. e copia do contrato que pretendan subscribir con cada un deles.

Artigo 14.º—Forma de distribución dos boletos

Os boletos distribuiranse en envases precintados de 500 ou 1.000 exemplares cada un, e no seu exterior figurará o número de serie, que constará tamén en tódolos boletos que conteñan.

Tódalas actuacións de entrega ós distribuidores e ós titulares de establecementos expendedores realizaranse contra a sinatura e selo polos receptores, dun impresu oficial no que se fará consta-la data en que foron adquiridos, número de serie e os datos de identificación e situación do establecemento para o que foron adquiridos, así como o N.I.F. ou D.N.I.

A empresa deberá manter un rexistro informático referido a tódalas actuacións de entrega, venda e premios outorgados, do que dará conta á Consellería de Economía e Facenda no modelo e coa periodicidade que se sinale.

Artigo 15.º—Taxa fiscal e gastos de confección, administración e distribución

1.—A taxa fiscal dos boletos é do 20% do precio de venda ó público dos mesmos. A persoa xurídica explotadora do xogo está obrigada ó pagamento da devandita taxa, que se fará efectiva antes da retirada das partidas de boletos nas Delegacións da Consellería de Economía e Facenda.

2.—Ó mesmo tempo satisfará o precio dos boletos e os gastos de administración e distribución, que serán fixados pola Consellería de Economía e Facenda, non podendo pasar do 10 por cento do precio de venda dos boletos.

Artigo 16.º—Órganos competentes

Será competente para a concesión de tódalas autorizacións reguladas polo presente Decreto o Conselleiro da Presidencia ou o órgano en quen delegue expresamente, outorgándose á solicitude que se considere más conveniente entre as que reúnan os requisitos establecidos polo presente Decreto, sobre o que emitirá informe previo a Comisión do Xogo de Galicia.

Artigo 17.º—Memoria de xestión

A persoa xurídica explotadora do xogo presentará anualmente unha memoria de xestión do período anterior e as propostas de modificación de aspectos non esenciais do xogo que considere convenientes, para a súa autorización; se procede, pola Consellería da Presidencia, informando á Comisión do Xogo.

Artigo 18.º—Extinción da autorización

A autorización para a explotación, distribución e venda, no xogo de boletos concedida ás empresas explotadoras extinguirase:

a) Polo transcurso do prazo da concesión.

b) Pola revocación da autorización por perda dalguna das condicións requiridas á persoa xurídica para a súa concesión, en especial a minoración da fianza que non sexa reintegrada no termo de dous meses desde que se lle requira expresamente.

c) Como consecuencia de sanción por reiteración de faltas moi graves.

Artigo 19.º—Promoción

1.—En tódolos establecementos expendedores de boletos deberá figurar en lugar visible un cartel expedido pola Consellería da Presidencia no que figurará a autorización do devandito establecemento, as normas fundamentais de desenvolvemento do xogo e a existencia dun libro de reclamacións a disposición dos xogadores.

Tamén poderán instalar nos seus locais rótulos indicativos sobre a práctica do xogo.

2.—Tódalas actividades de promoción deberán ser autorizadas previamente pola Consellería da Presidencia.

3.—A promoción que se realice para dar a coñecer este xogo na prensa diaria ou periódica, deberá figurar nas seccións especializadas en ocio e espectáculos, con carácter estritamente informativo e do mesmo nivel en que se inclúan os restantes medios de diversión ou lecer.

A promoción nos outros medios de comunicación producirase dentro dos espacios especializados no xogo ou espectáculos.

Artigo 20.º—Infraccións

1.—As infraccións ó presente Decreto e demais normas aplicables, poderán ser moi graves, graves e leves.

2.—Constituirán infraccións moi graves:

a) Non aboalos premios na contia correspondente

b) A venda de boletos sen autorización

c) A falsidade documental dolosa mediante a cal se obtivese unha autorización

d) A venda de boletos distintos dos autorizados

e) Calquera tipo de manipulación que pretenda un fraude dos boletos

f) A reincidencia en faltas graves dentro dun período dun ano

3.—Constituirán infraccións graves:

a) A posta en venda dun novo stock de boletos sen a previa autorización

b) A omisión da debida colaboración e información á Administración

c) A venda de boletos en establecementos non autorizados

d) A venda de boletos a menores de idade

e) A reincidencia en infraccións leves.

4.—Son infraccións leves o incumplimento do disposto no presente Decreto e demais disposicións aplicables, que non teñan o carácter de infracción grave ou moi grave.

Artigo 21.º—Sancións

As infraccións contidas no presente Decreto sancionaranse conforme ó establecido na Lei 14/1985, do 23 de outubro, Reguladora dos Xogos e Apostas en Galicia.

DISPOSICIÓN FINAIS

Primeira.

Facúltase ó Conselleiro da Presidencia e ó de Economía e Facenda para que, oída a COmisión do Xogo de Galicia, dicten mediante Orde conxunta as normas de desenrollo que estimen precisas para o cumprimento do presente Decreto.

Segunda.

O presente Decreto entrará en vigor o día seguinte o da súa publicación no Diario Oficial de Galicia. Santiago de Compostela, catro de xunio de mil novecentos oitenta e seis.

Xerardo Fernández Albor
Presidente

Xosé Luis Barreiro Rivas
Conselleiro da Presidencia

Consellería de Cultura e Benestar Social

Orde do 28 de maio de 1986, pola que se regulan os equipos multidisciplinarios da Dirección Xeral de Servicios Sociais.

A asunción das transferencias en materia do Instituto Nacional de Servicios Sociais da Seguridade Social, pola Xunta de Galicia, en virtude do Decreto 54/1985, do 21 de marzo, que importa a asunción dos equipos de valoración e orientación do dito Instituto, asignándose á actual Consellería de Cultura e Benestar Social, así como a creación por esta Consellería de equipos multidisciplinarios segundo a Orde do 26 de xuño de 1985, fan conveniente regula-los equipos de valoración assumidos e os creados pola propia Xunta de Galicia de cara a determina-las súas funcións dentro dun mesmo contexto de actuación social.

As funcións que se asignen incluirán, en todo caso, as que se consignan no título IV da Lei 13/1982, de 7 de abril, de Integración Social dos Minusválidos, dentro das competencias propias da Consellería de Cultura e Benestar Social, sen prexuício de extender-las súas funcións de diagnóstico, valoración e orientación a outros sectores sociais, na medida en que a súa creación sectorizada permita unha ampliación de actuacións dentro da área social.

Por iso, en virtude das atribucións que me foron conferidas,

DISPOÑO:

1.º— Regúlanse os equipos multidisciplinarios da Dirección Xeral de Servicios Sociais como elementos

que actuarán nun ámbito sectorizado nas áreas de diagnóstico, valoración e orientación, asegurando unha atención interdisciplinar a cada persoa que o precise na área social, para garantí-la súa integración no seu entorno socio-comunitario.

2.º— Os equipos multidisciplinarios realizarán as seguintes funcións:

a) Emitir un informe diagnóstico normalizado sobre os diversos aspectos da personalidade e déficits ou carencias que presente a persoa, así como do seu entorno socio-familiar.

b) A valoración e, no seu caso, calificación dos déficits e carencias, en relación cos beneficiarios, dereitos económicos e servicios previstos na legislación.

c) A orientación terapéutica, determinando necesidades, aptitudes e posibilidades de recuperación, así como o seguimiento e revisión.

d) O apoio ós servicios sociais de base verbo de actuacións de carácter individual, así como familiar e social.

e) As que actualmente teñen atribuídas os equipos de valoración e orientación transferidos do INSERSO.

3.º— As calificacións e valoracións dos equipos multidisciplinarios responderán a criterios técnicos unificados e terán validez ante calquera organismo público.

4.º— A Dirección Xeral de Servicios Sociais poderá asignar a cada equipo multidisciplinario un sector xeográfico de actuación, sobre o que realizará as funcións asignadas no punto 2 desta Orde.

5.º— Na Comunidade Autónoma funcionará unha comisión central, presidida polo Director Xeral de Servicios Centrais e integrada por dous ou máis membros dos Servicios Sociais da Dirección Xeral de Servicios Sociais e un ou máis membros dos equipos multidisciplinarios, todos eles designados específicamente con carácter ocasional ou permanente pola Dirección Xeral de Servicios Sociais.

6.º— A comisión central realizará as seguintes funcións:

a) Establece-los criterios xerais de actuación dos equipos multidisciplinarios.

b) Aproba-los citados plans de actuación, introducindo, no seu caso, as oportunas modificacións.

c) Realiza-lo seguimento da execución dos plan anuais.

d) Establecer criterios técnicos para asegurar unha uniformidade de actuación.

7.º— Cada equipo multidisciplinario elaborará un plan anual de actuación que será elevado para a súa aprobación á comisión, conforme ó establecido no punto 6, letra b) desta Orde.

8.º— Antes de finaliza-lo ano, cada equipo elaborará unha memoria anual de actuacións realizadas, qu